



CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA

GABINETE
TÉCNICO DE
Igualdade ↗

25 de novembro

Día Internacional
da

Eliminación da Violencia contra a Muller

Co financiamento de:



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PROMOCIÓN DO
EMPREGO E IGUALDADE



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE TRABAJO
Y ECONOMÍA SOCIAL

SERVICIO PÚBLICO
DE EMPLEO
SEPE

Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller

Motivos desta efeméride:

- Visibilizar a violencia contra as mulleres e nenas a nivel mundial.
- Fomentar a execución (en todos os países do mundo) de políticas enfocadas á erradicación da violencia de xénero, brindar apoio e concienciar sobre a estigmatización que sofren as vítimas.

Desde cando se celebra:

A Asemblea Xeral da ONU, no ano 2000, designou o 25 de novembro como o ***Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller***, convidando a gobernos, organizacións internacionais e ONGs a involucrarse para eliminar todas as formas de violencia contra as mulleres.

Por qué se elixiu esta data:

Para honrar a memoria de 3 activistas de República Dominicana, as irmás Mirabal, foron brutalmente asasinadas por orde do ditador Rafael Leónidas Trujillo en 1960.

Minerva, Patria e María Teresa Mirabal eran tres irmás coñecidas como "*As bolboretas*". As 3 estudaran na universidade, estaban casadas e tiñan fillos.

Luísa de Pena Díaz, directora do Museo Memorial da Resistencia Dominicana dicía, nunha entrevista da BBC, que estas irmás "*tiñan unha traxectoria longa de conspiración e resistencia, e moita xente as coñecía*".

Por ese motivo, o 25 de novembro de 1960, membros da policía secreta dominicana interceptaron o coche no que ían as tres irmás, aforcáronas, mallaron nelas e despois volveron a metelas dentro do coche, lanzándoo a un precipicio para que se crese que perderan a vida nun accidente de tráfico.

Organización de Nacións Unidas (ONU):

- Dende a ONU asegúrase que, aínda que a violencia de xénero é algo que está xeneralizado, "*pode e debe previrse*", empezando por crer ás mulleres que foron vítimas e "*adoptando enfoques integrais e inclusivos que aborden as causas fundamentais, transformen as normas sociais daniñas e apoderen ás mulleres e as nenas*".

Cifras

"Case 1 de cada 3 mulleres sufriu abusos ao longo da súa vida".

Cifras que, en tempos de crises, sofren importantes incrementos. De acordo con un informe da *ONU Mulleres – UN Women* - (datos de 13 países), desde que comezou a pandemia (marzo 2020):

"2 de cada 3 mulleres padeceron algunha forma de violencia ou coñecían a algunha muller que a sufría", e

"só 1 de cada 10 dixo que recorrería á policía en busca de axuda".

Este informe tamén apunta que o colectivo feminino que sufriu *"ten máis probabilidades de enfrontarse a situacións de pobreza e escaseza de alimentos"*.

A violencia contra a muller maniféstase de forma física, sexual e psicolóxica, e inclúe:

- Violencia por un compañeiro sentimental (violencia física, malos tratos psicolóxicos, violación conxugal, feminicidio).
- Violencia sexual e acoso (violación, actos sexuais forzados, insinuacións sexuais non desexadas, abuso sexual infantil, matrimonio forzado, espreita, acoso rueiro, acoso cibernético).
- Trata de seres humanos (esclavitude, explotación sexual).
- Mutilación xenital.
- Matrimonio infantil.

⇒ Normativa española. Artigo 1 da *Lei Orgánica 1/2004 de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero*, define a violencia de xénero:

"Manifestación da discriminación, a situación de desigualdade e as relacións de poder dos homes sobre as mulleres, exércese sobre estas por parte de quen sexa ou fosen os seus cónxuxes ou de quen estea ou estivesen ligados a elas por relacións similares de afectividade, aínda sen convivencia",

e

"Comprende todo acto de violencia física e psicolóxica, incluídas as agresións á liberdade sexual, as ameazas, as coaccións ou a privación arbitraria de liberdade."

A violencia de xénero é unha secuela que non podemos combater sen educación e sen a **implicación de todas e todos.**

Ninguén merece sufrir malos tratos.